

# CINEMA

*de primavera:  
Imago Mundi*



De abril a maio  
de 2026  
19.00-22.00 h  
Casa das Campás  
Vicerreitoría do  
Campus de Pontevedra  
Rúa de Don Filiberto, 9-11

# CINEMA

de primavera:  
*Imago Mundi*



De abril a maio  
de 2026  
Casa das Campás  
Vicerreitoría do  
Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo

## Cinema de primavera

### *Imago Mundi*

A actual condición de *homo technologicus* semella non ten volta atrás, pois habitamos un contexto marcado por un desenvolvemento maquinal e dixital sen parangón que condiciona radicalmente a nosa percepción, determina o noso pensamento e a nosa comprensión dun universo que cuestiona e refuta as relacións entre formación e coñecemento, entre información e veracidade, entre feito e virtualidade...

Neste tecno sistema, que ten a singular capacidade de cuestionar o mundo sensible e o mundo histórico para xerar unhas alteridades narrativas nas que o humano, o animal, o vexetal e o mineral semellan nos ser xa o centro dos relatos, a certeza e a veracidade son obxectivos moi prezados.

Estas cuestións foron substrato dramático para o cinema dende tempos pretéritos, como revela un filme seminal como *Metrópolis*, ou máis cercanos, como denota unha obra tan ilustrativa como *Desafío total*.

Inserido no marco da Semana da creatividade 2026, *Imago mundi* aspira a amosar algunhas das rutas escollidas polo cinema para ilustrar a interacción entre hometecnoloxía-contexto, así como os efectos derivados desa relación.

## Programación

### 10 de abril

*Robocop* (EE.UU. 1987. 103'. C)

Dirección: Paul Verhoeven

### 17 de abril

*Almas de metal* (*Westworld*, EE.UU. 1973. 88'. C)

Dirección: Michael Crichton

### 23 de abril

*Días extraños* (*Strange Days*, EE.UU. 1995. 139'. C)

Dirección: Kathryn Bigelow

### 15 de maio

*Videodrome* (Canadá. 1983. 88'. C)

Dirección: David Cronenberg

### 22 de maio

*Ex Machina* (Reino Unido. 2014. 108'. C)

Dirección: Alex Garland

### 29 de maio

*Blade Runner* (EE.UU. 1982. 117'. C)

Dirección: Ridley Scott

## Obxectivos

- Recoñecer a capacidade do cinema para ilustrar devandita relación
- Asumir os arquetipos argumentais básicos
- Comprender a transversalidade conceptual e temática desenvolvida polo medio
- Comprender o valor denotativo e connotativo do medio en función das épocas

## Estrutura da actividade

- Presentación e contextualización do filme
- Proxección
- Intervencións e reflexións